


ELECCIÓN DE 2023: PROPOSTAS MUNICIPALES

Peticiones de Greenpeace para hacer más
sostenibles los municipios pequeños, medianos e
grandes



POLO PLANETA E OS SEUS RECURSOS: PROTEXER A BIODIVERSIDADE E O CLIMA

- Protexer a auga dos ecosistemas
- Protexer os solos e bosques da desertización e dos incendios forestais
- Frear o avance da gandaría industrial e as súas macrogranxas
- Conseguir municipios eficientes enerxeticamente e 100 % renovables




POLA PARTICIPACIÓN E A DEMOCRACIA: IMPULSAR OS ESPAZOS DEMOCRÁTICOS E PARTICIPATIVOS

- Favorecer o asociacionismo dentro do municipio
- Xerar espazos de participación cidadá nas decisións municipais
- Crear instrumentos de desenvolvemento económico local con criterios ambientais
- Apostar pola paz e o desarme nuclear



POLAS PERSOAS E OS SEUS DEREITOS: PÓR OS RECURSOS MUNICIPALES AO SERVIZO DO BENESTAR SOCIAL E AMBIENTAL

- Protexer a poboación da seca, os incendios forestais e as inundacións
- Protexer a auga para as persoas
- Mellorar a mobilidade para que sexa saudable e estea ao servizo da xente
- Aumentar a cantidade e a calidade dos espazos verdes do municipio
- Avanzar cara a unha alimentación saudable e sostible para todo o mundo
- Axudar as persoas a ser o centro da xeración, intercambio e uso da enerxía
- Rehabilitar vivendas e edificios, priorizando as persoas vulnerables
- Establecer unha fiscalidade ambiental para mellorar a calidade de vida e a xustiza distributiva
- Promover e facilitar o uso dos fondos Next Generation do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia



POLO PLANETA E OS SEUS RECURSOS: PROTEXER A BIODIVERSIDADE E O CLIMA

- **Protexer a auga dos ecosistemas. Algúns pobos de España xa non teñen auga potable. Ademais, está en perigo a produción de alimentos e a supervivencia de moitos dos ecosistemas peninsulares. Entre as súas causas está a contaminación producida polas verteduras urbanas. Polo tanto, cumprir coa normativa legal vixente e pór en marcha bos sistemas de depuración da auga son tarefas fundamentais dos municipios.**

PETICIÓN



Mellorar o control na xestión da auga municipal, aumentando o control do consumo de auga e do fraude na súa utilización.

- **Protexer os solos e bosques da desertización e dos incendios forestais. Os nosos bosques sofren as vagas de calor e as secas agravadas polo cambio climático, sendo máis inflamables. Os incendios forestais incrementan os procesos de desertización e a perda de solo fértil. A desertización non remite a desertos, senón a terras secas degradadas proclives a arder, que agravan á súa vez os procesos erosivos e a desertización. Un círculo vicioso que pon en cuestión a fertilidade do solo e os recursos hídricos.**

PETICIÓN



Cumprir os plans preventivos e de emerxencia local en incendios forestais nas zonas definidas como de alto risco.

- **Frear o avance da gandaría industrial e as súas macrogranxa. Desenvolver e aprobar declaracións institucionais en contra da gandaría industrial e as macrogranxas, como forma de preservar os recursos naturais e, en particular, a auga, tanto no que respecta ao uso desmesurado por parte destas instalacións como á contaminación dos acuíferos con nitratos, así como para afrontar a crise climática e a emisión de contaminantes como o amoníaco ou as partículas finas.**

PETICIÓN



Suspender a tramitación das licenzas urbanísticas das instalacións de gandaría intensiva e aprobar ordenanzas municipais que impidan a vertedura de xurros nas zonas vulnerables a nitratos e limiten a súa vertedura regulando as distancias de vertedura en relación, por exemplo, co casco urbano, os leitos hídricos e mananciais, os lugares de interese cultural etc.

→ **Conseguir municipios eficientes enerxeticamente e 100 % renovables. A emerxencia climática aprémanos a transformar os nosos municipios para limitar o quecemento global a 1,5 °C e, para logralo, a ciencia indica que temos que atinxir cero emisións netas en 2040. Neste sentido, o papel das administracións locais é imprescindible como axente activo, dinamizador e exemplificante, xa que teñen a capacidade de activar cambios estruturais nas súas institucións, nas empresas e na cidadanía á hora de implementar un plan de descarbonización baseado na eficiencia, o aforro enerxético e a substitución completa das enerxías fósiles e nuclear por enerxías renovables participadas pola cidadanía.**



Plan de transición enerxética municipal. É unha ferramenta moi eficaz para diminuír as emisións de CO2 do municipio e favorecer a súa descarbonización. Cómpre conseguir obxectivos de redución da demanda de enerxía total no municipio de, cando menos, un 50 % e satisfacer o 100 % da demanda de enerxía con fontes renovables para antes de 2040. Estes plans deben concretar que cota é posible abastecer con instalacións renovables situadas no termo municipal e que parte necesitaría da solidariedade doutros territorios. Ademais, terán que incluír a modificación da Ordenación do Territorio e a Planificación Urbana para habilitar espazos onde instalar as enerxías renovables necesarias e elaborar ou modificar (en caso de existir) un plan de transición enerxética. Ambas as modificacións deben facerse de forma participada pola cidadanía nun prazo de 1 ano.



POLAS PERSOAS E OS SEUS DEREITOS: PÓR OS RECURSOS MUNICIPAIS AO SERVIZO DO BENESTAR SOCIAL E AMBIENTAL

→ **Protexer a poboación da seca, os grandes incendios forestais e as inundacións**



Plans preventivos. Deseño, execución e comunicación á poboación dos plans preventivos e de emerxencia por secas, incendios forestais e inundacións nas zonas de alto risco.

→ **Protexer a auga para as persoas**



Remunicipalización do abastecemento de auga. Nas localidades nas que se perdesen estes contratos, recuperar os contratos municipais de xestión da auga de abastecemento e de saneamento.



Mellorar as redes de distribución de abastecemento e saneamento.

Seguen a perder unha importante porcentaxe da auga que transportan. As industrias e os fogares non están optimizados para facer un uso eficiente da auga e precisan unha evolución similar á que se deu coa enerxía.



Fomentar medidas de aforro. Para garantir a auga de boca, adoptar medidas dirixidas ao aforro de auga e ao uso racional a respecto do mantemento e o reaproveitamento.

→ Mellorar a mobilidade para que sexa saudable e estea ao servizo da xente



Favorecer os itinerarios peonís accesibles con beirarrúas anchas abondo, iluminadas de xeito eficiente, arboradas e libres de obstáculos. Estas solucións melloran a accesibilidade peonil e a seguridade, favorecendo a mobilidade peonil.



Implantar Zonas de Baixas Emisións. (ZBE) que realmente faciliten as formas de mobilidade máis sostibles e desincentiven o uso do coche. As ZBE deben cumprir os criterios mínimos de aplicación para atinxir os obxectivos de redución das emisións e de mellora dos espazos públicos. Igualmente, desde Greenpeace cremos que esta medida tamén debería aplicarse en municipios de menos de 20.000 habitantes.



Fomentar o uso da bicicleta. Fronte aos modos de transporte motorizados, cómpre favorecer a bicicleta e os desprazamentos a pé como a solución de mobilidade que precisan as nosas cidades. O uso da bicicleta ten unha función esencial na mobilidade, o medio ambiente e a saúde. Por iso, propomos as seguintes medidas:

- establecer redes ciclistas interconectadas, aumentando os investimentos en infraestrutura ciclista segura e separada,
- adaptar espazos de estacionamento seguros e protexidos,
- habilitar espazos de recarga para as bicicletas eléctricas, ademais de para o resto de vehículos,
- implementar sistemas de préstamo de bicicletas públicas,
- garantir a intermodalidade coa bicicleta desde as estacións de transporte público,
- promover incentivos fiscais para que as empresas fomenten o seu uso,
- desenvolver campañas de concienciación para fomentar o uso da bicicleta.



Potenciar o transporte público. Mellorar o transporte en superficie (tranvía e, sobre todo, autobús) para atender a máis público, pola súa maior cobertura e accesibilidade. Habilitar nos principais accesos de vehículos ás cidades carrís Bus-Vao para o uso exclusivo do transporte colectivo e os vehículos de alta ocupación. Favorecer a prioridade semaforica, os sistemas de xestión ou mesmo infraestruturas propias (p. ex., autobuses de tránsito rápido ou BRT) para permitir un servizo de calidade con custos e prazos alcanzables. Sempre cómpre ter presente a perspectiva de xénero, xa que é un diferenciador importante na mobilidade urbana.



Implantar un billete climático que incentive o uso do transporte público e reduza as emisións. Implantación dun billete único de transporte que permita utilizar todos os modos de transporte. Este sistema fará que o transporte público sexa máis barato, que a compra de billetes sexa máis doada e, daquela, que os medios públicos sexan moito máis atractivos para as persoas que usan os vehículos privados.

→ **Aumentar a cantidade e a calidade dos espazos verdes do municipio**



Crear zonas e infraestruturas verdes e ampliar as existentes. Dotar as cidades de beirarrúas sombreadas, prazas e corredores verdes, ampliando os espazos públicos sombreados e accesibles que garanten a sombra e o fresco e procuran atenuar o efecto «illa de calor». A aplicación da regra 3-30-300 mellorará e ampliará o bosque urbano local de moitas cidades e, así, promoverá a saúde, o benestar e a resiliencia perante a crise climática.



Favorecer a cidade de proximidade. Mellorar a saúde e a calidade de vida da cidadanía, deseñando as cidades conforme os principios da planificación urbana sostible e a equidade. Cómpre apostar por un urbanismo compacto e recuperar a escala de barrio, mesturando os usos e funcións para que se reduza a necesidade de traxectos longos para satisfacer as necesidades cotiás (ir ao traballo, ao lugar de estudos, facer a compra etc.).

→ **Avanzar cara a unha alimentación saudable e sostible para todo o mundo**



Reducir a oferta de carne. Os concellos deben reducir a oferta de carne e outros derivados animais e incrementar a de alimentos de orixe vexetal, ecolóxicos, locais e de tempada nos comedores da súa titularidade a través dun proceso de contratación pública que incorpore no proceso de contratación de servizos de alimentación para os comedores e eventos o fomento de produtos ecolóxicos, locais e de tempada.



Adherirse ao Pacto de Milán¹. É un acordo internacional asinado en 2015. O obxectivo principal do pacto é promover sistemas alimentarios sostibles e saudables nas áreas urbanas, abordando os desafíos ambientais, sociais e económicos relacionados coa produción, distribución e consumo de alimentos nas cidades. Xa foi asinado por máis de 200 cidades de todo o mundo, polo que é unha ferramenta moi útil para mellorar a sostibilidade municipal. É unha excelente forma de que as cidades amosen o seu compromiso cunha alimentación saudable e sostible e de que poñan en marcha iniciativas neste eido.

→ **Axudar as persoas a ser o centro da xeración, intercambio e uso da enerxía**



Crear unha Oficina Municipal da Enerxía, de información cidadá sobre eficiencia enerxética e instalación de enerxía renovable. Facilitar o acceso da veciñanza aos beneficios das enerxías renovables, o aforro e a eficiencia enerxética a través da formación e a información, prestando especial atención ás necesidades das mulleres e as persoas vulnerables. Tanto para o fomento do autoconsumo individual e colectivo e a creación de comunidades enerxéticas, como para as opcións de mellora da eficiencia enerxética, axudas etc.



Crear unha comunidade enerxética e de autoconsumo. O concello, ademais de ser promotor de comunidades enerxéticas e do autoconsumo, debe fomentalas facilitando recursos (superficies e espazos municipais para a instalación de tecnoloxías renovables, salas, persoal), aprobando políticas fiscais, de difusión etc.

→ Rehabilitar vivendas e edificios, priorizando as persoas vulnerables



Descarbonizar os edificios³. O obxectivo é atinxir o 100 % de edificios libres de fósiles en 2035. A descarbonización inclúe a posta en marcha de forma masiva de medidas que integren en vivendas e edificios: 1) melloras substanciais do illamento, 2) solucións de calefacción, auga quente e cociña como a aerotermia, as caldeiras de biomasa (de orixe sostible) ou as cociñas de indución, e 3) enerxías renovables nos tellados (p. ex., os paneis fotovoltaicos).



Rehabilitar vivendas de fogares en situación de vulnerabilidade⁴. Impulsar programas de rehabilitación de vivenda e rexeneración urbana xustos e con criterios sociais, con perspectiva de xénero, garantindo o acceso ás persoas en situación de vulnerabilidade, contemplando a dimensión urbana e rural, e outras características (como a eficiencia enerxética, a accesibilidade, a seguridade, a habitabilidade, a saúde ou o fomento da cohesión social) que minimicen os impactos na accesibilidade das vivendas. Un obxectivo mínimo dun 20 % anual.



Pedir fondos específicos⁵ e destinalos á rehabilitación de vivendas en alugueiro habitadas por familias en pobreza enerxética ou con poucos ingresos e ás persoas propietarias de vivendas con baixos ingresos e vivendas sociais.



Ofrecer financiamento ás familias en situación de vulnerabilidade, dado que as familias con rendas baixas non poden afrontar o pagamento por adiantado das reformas e/ou non teñen capacidade para devolver un empréstito.



Diagnosticar e identificar as zonas de actuación prioritarias, favorecendo especialmente as actuacións de rehabilitación global sobre o parque de vivenda social construído entre 1950 e 1980, por ser o que concentra a maior parte da pobreza enerxética.

→ Establecer unha fiscalidade ambiental no municipio para mellorar a calidade de vida das persoas e lograr unha maior xustiza distributiva



Reducir significativamente a carga fiscal en vivendas e edificios que instalen autoconsumo con fotovoltaica ou realicen medidas de eficiencia enerxética, especialmente o illamento e as bombas de calor, vinculando a fiscalidade coa cualificación enerxética da vivenda. Esta reforma fiscal deberá acompañarse de axudas económicas para o investimento inicial naqueles fogares que o precisen, con fórmulas que permitan a recuperación do investimento a través dos aforros enerxéticos conseguidos.



Reformular as taxas de residuos⁶ e ligalas, de forma progresiva, á cantidade real xerada en fogares e comercios.



Incrementar a tributación municipal sobre os vehículos contaminantes e sobre a circulación⁷, que actualmente é das máis baixas de Europa, de tal xeito que haxa un desincentivo do transporte individual innecesario e máis contaminante a favor do transporte público.



Implantar unha taxa turística ou ecotaxa⁸, necesaria para compensar os impactos negativos do turismo de masas e o fomento dun turismo sostible.



Aplicar un imposto municipal sobre a caza e a pesca, ao tratarse dunha actividade económica realizada polas clases máis podentes (gasto suntuario) e con impacto ambiental.



Crear unha taxa municipal de uso de auga progresiva e finalista para fomentar o aforro, os usos prioritarios e o reaproveitamento.

→ **Promover e facilitar o uso dos fondos Next Generation do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia⁹**



Asesorar, canalizar e informar sobre todas as axudas que están dispoñibles a través dos fondos Next Generation.



Solicitar para o municipio axudas e subvencións relativas a todos os compoñentes do Plan de Recuperación, Transición e Resiliencia que son susceptibles de favorecer a transición socioecolóxica e que están dispoñibles a través do Goberno e das comunidades autónomas correspondentes. Por exemplo, axudas para crear ZBE, para a rehabilitación de vivendas, o autoconsumo etc.¹⁰



POLA PARTICIPACIÓN E A DEMOCRACIA: O IMPULSO DE ESPAZOS DEMOCRÁTICOS E PARTICIPATIVOS



Favorecer o asociacionismo dentro do municipio..

Xerar centros cívicos e locais para que as asociacións veciñais, xuvenís, ambientais, culturais... do municipio teñan espazos axeitados para desenvolver as súas actividades.



Xerar espazos de participación cidadá nas decisións municipais¹¹.

Tales como o deseño urbano participativo, os orzamentos participativos, os foros sectoriais de participación cidadá ou espazos de participación infantil.



Crear instrumentos de desenvolvemento económico

local con criterios ambientais como os orzamentos participativos, a compra pública, o fomento de cooperativas enerxéticas de ER ou o desenvolvemento de moedas virtuais locais ou rexionais.



Apostar pola paz e o desarme nuclear¹². Promover mocións de apoio ao Tratado sobre a Prohibición das Armas Nucleares.

Referencias

1. Pacto de política alimentaria urbana de Milán, 15 de outubro de 2015.
2. Oficina Municipal de Enerxía de Hernani (Guipúscoa): <https://www.hernani.eus/es/-/martxan-da-energiaren-udal-bulegoa>

Oficina Municipal de Enerxía de Aracena (Huelva): <https://www.aracena.es/es/areas-tematicas/medio-ambiente/oficina-energia/>
3. Exemplos domésticos con solucións para as casas ou bloques para pasar dunha casa fósil a unha casa renovable, eficiente e comfortable: <https://es.greenpeace.org/es/en-profundidad/renovables-en-tus-manos-ya/que-puedes-hacer-con-tu-casa/>
4. Alianza pola rehabilitación de vivendas sen deixar ninguén atrás: <https://ecodes.org/hacemos/energia-y-personas/rehabilitacion-energetica-de-viviendas/alianza-por-la-rehabilitacion-de-viviendas-sin-deja-a-nadie-atras>
5. Programa de axuda á rehabilitación residencial e de vivenda: <https://planderecuperacion.gob.es/como-acceder-a-los-fondos/convocatorias/BDNS/664842/programa-ayuda-rehabilitacion-residencial-y-vvda>
6. Proposta do libro branco da reforma tributaria: https://www.ief.es/docs/investigacion/comiteexpertos/LibroBlancoReformaTributaria_2022.pdf
7. Incorporaremos neste paquete: imposto municipal sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), taxas por regulación ou control do tráfico e cos prezos públicos polo estacionamento en vías públicas. Ademais, o libro branco da reforma tributaria propón a creación dun tributo municipal sobre a conxestión en determinadas cidades.
8. Malia ser de competencia autonómica, os municipios participan da xestión e benefíciáanse dela.
9. Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Preguntas frecuentes: <https://planderecuperacion.gob.es/preguntas>
10. Obras de remodelación dentro do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións financiado pola Unión Europea-NEXT GENERATION-EU:

<https://planderecuperacion.gob.es/como-acceder-a-los-fondos/convocatorias/PLC/11662155/obras-de-remodelacion-de-las-calles-barco-y-eulogio-moya-munoz-plaza-botica-vieja-y-rebolledo-en-el-termino-municipal-de-pinto-dentro-del-programa-de-ayudas-a-municipios-para-la-implantacion-de-zonas-de-bajas-emisiones-y-la-transformacion-digital-y-sostenible-del-transporte-urbano-en-el-marco-del-plan-de-recuperacion-transformacion-y-resiliencia-financiado-por-la-union-europea-next-generation-eu>
11. Exemplos:
 - Deseño urbano participativo: <https://paisajetransversal.org/2016/04/disenio-colaborativo-de-proyectos-urbanos-mas-alla-de-votarlo-todo/>
 - Orzamentos participativos: https://www.redcimas.org/wordpress/wp-content/uploads/2012/08/t_prepar_guia_metodologica.pdf
 - Foros sectoriais de participación cidadá: <https://foroslocales.madrid.es/>
 - Espazos de participación infantil: <https://participacioninfantil.com/>
 - Foros sectoriales de participación cidadana: <https://foroslocales.madrid.es/>
 - Espacios de participación infantil: <https://participacioninfantil.com/>